



**Procedemento:** Contrato de servizos por Procedemento Aberto

**Asunto:** CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS A PARDELA, AS GALERAS, A CANTEIRA E A BRAÑA (MERA)

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### 1. Introducción

A contratación do servizo de limpeza das escolas infantís públicas de Oleiros está xustificada en base ao Convenios de Colaboración subscritos, no mes de xullo de 2008, entre o Concello de Oleiros e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a Xestión de cada unha das escolas infantís. Na Cláusula Terceira: *Obrigas das partes*, dos anteditos convenios, establécese como obriga do concello a limpeza das instalacións.

As escolas infantís do Concello de Oleiros constitúen un servizo público de atención á infancia, dirixido a menores de idades comprendidas entre os tres meses e os tres anos, que ten un carácter educativo asistencial, que busca adaptarse ás novas realidades sociais e permitir a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

### 2. Descrición da situación actual

No momento actual, este servizo de limpeza está contratado á empresa Grupo ITMA, S.L., con nº de CIF: B-33349978 e enderezo en Polígono de ASIPO, calle B, parcela 60, nave 5, 33428, de Llanera (Asturias), tendo un contrato vixente ata o 14 de xaneiro de 2019, prorrogable un ano máis. A dita empresa presentou, o día 2 de xaneiro de 2019, unha declaración na que fai constar a súa non disposición para iniciar os trámites oportunos para a dita prórroga, o que motiva a licitación do servizo, ao non contar o Concello de Oleiros con medios propios capaces de asumir diariamente a limpeza das catro escolas infantís públicas.

### 3. Obxecto do contrato

É obxecto deste contrato a limpeza das catro escolas infantís públicas do Concello de Oleiros e que son: A Pardela, As Galeras, A Canteira e A Braña (Mera) situadas en:

- Escola infantil “**A Pardela**”: parroquia de Liáns, na Urbanización Os Regos, nº 22, 15173, Oleiros.
- Escola infantil “**As Galeras**”: parroquia de Liáns, na Rúa Antonio J. de Sucre, nº 24, 15179 en Bastiagueiro, Oleiros.
- Escola infantil “**A Canteira**”: parroquia de Perillo, na Rúa Cubelos, nº 24, 15172, Oleiros.
- Escola infantil “**A Braña**”: parroquia de Maianca, con enderezo en Paseo da Lagoa, nº 8, 15178, Oleiros.





O servizo de limpeza comprenderá os seguintes **espazos**, coa superficie que se detalla en cada escola:

### E.I. A Pardela

- Zona de entrada peonil
- Vestíbulo, sala de espera e distribuidor, cun total de: 48 m<sup>2</sup>
- Recepción: 9,00 m<sup>2</sup>
- Dirección: 9,00 m<sup>2</sup>
- Enfermería: 9,00 m<sup>2</sup>
- Sala de reunións: 30,00 m<sup>2</sup>
- Sala de usos múltiples: 115,00 m<sup>2</sup>
- Comedor: 38,00 m<sup>2</sup>
- Patio exterior: 94,00 m<sup>2</sup>
- 5 aulas coa sala de sono e vestíbulo cun total de: 193,00 m<sup>2</sup>
- 4 aseos: 23,00 m<sup>2</sup>
- Cuarto de caldeiras: 9,00 m<sup>2</sup>.
- Comedor persoal e almacén de limpeza

### E.I. As Galeras

- Zona de entrada peonil
- Vestíbulo: 43,50 m<sup>2</sup>
- Secretaría: 7,50 m<sup>2</sup>
- Dirección: 12,50 m<sup>2</sup>
- Sala de reunións: 18 m<sup>2</sup>
- Vestiarios e aseo do persoal: 16,20 m<sup>2</sup>
- Almacén de material didáctico: 8,50 m<sup>2</sup>
- Sala de caldeiras: 12,50 m<sup>2</sup>
- Espazo de lavandería e limpeza: 14,50 m<sup>2</sup>
- Aseos: 5,50 m<sup>2</sup>
- Comedor: 64 m<sup>2</sup>
- Sala de usos múltiples: 226,50 m<sup>2</sup>
- 6 aulas con sala de sono e aseos de nenos e nenas e almacén de berces: 345,50 m<sup>2</sup>
- Patio cuberto exterior: 79 m<sup>2</sup>.

### E.I. A Canteira

- Entrada: 17,19 m<sup>2</sup>





- Recepción: 9,13 m<sup>2</sup>
- Vestíbulo: 28,27 m<sup>2</sup>
- Sala Caldeiras: 8,51 m<sup>2</sup>
- Sala Profesores: 28,62 m<sup>2</sup>
- Dirección: 8,99 m<sup>2</sup>
- Vestiario: 8,55 m<sup>2</sup>
- Almacén: 11,36 m<sup>2</sup>
- Distribuidor 1: 17,92 m<sup>2</sup>
- Distribuidor 2: 10,79 m<sup>2</sup>
- Comedor: 55,32 m<sup>2</sup>
- Sala de usos múltiples interior: 125,62 m<sup>2</sup>
- Sala de usos múltiples exterior: 117,62 m<sup>2</sup>
- Rampla: 22,77 m<sup>2</sup>
- Escaleiras: 8,44 m<sup>2</sup>
- Distribuidor de aulas: 170,99 m<sup>2</sup>
- Dormitorio: 23,07 m<sup>2</sup>
- 7 aulas cun total de: 287,66 m<sup>2</sup>
- Patio descuberto: 14,04 m<sup>2</sup>

### E.I. A Braña

#### **Planta baixa:**

- Zona de entrada peonil.
- Recepción: 18,20 m<sup>2</sup>
- Dirección: 10,30 m<sup>2</sup>
- Sala de usos múltiples: 32,10 m<sup>2</sup>
- 3 aulas cun total de: 110,80 m<sup>2</sup>
- Distribuidor: 1,70 m<sup>2</sup>
- Office: 9,80 m<sup>2</sup>
- Aseo de persoal: 4,10 m<sup>2</sup>
- Local de instalacións: 3,50 m<sup>2</sup>
- Almacén: 3,30 m<sup>2</sup>
- Patio exterior cuberto: 38,90 m<sup>2</sup>

#### **Planta alta:**

- Escalera: 4,50 m<sup>2</sup>
- Sala de reunións: 49,60 m<sup>2</sup>
- Aseo: 1,80 m<sup>2</sup>

O servizo de limpeza desenvolverase coas seguintes **frecuencias** :

#### **Servizo diario:**

- Ventilación das aulas, salas de reunións, comedores e aseos.
- Limpeza dos aseos das aulas e dos adultos.
- Limpeza das superficies que reciben contacto máis frecuente, como interruptores, tiradores das portas, manubrios, barandas, etc.
- Baleirado e fregado de papeleiras





- Varrido de chan e varrido húmido.
- Limpeza do po do mobiliario.
  - Limpeza e desinfección de teléfonos e intercomunicadores.
  - Aspirado de moquetas e alfombras.
  - Limpeza de pegadas e/ou manchas en cristais e paredes.
  - Limpeza e desinfección de xoguetes e material didáctico, en colaboración co persoal da escola.
  - Limpeza dos aparatos ofimáticos.
  - Limpeza de manchas en tapizados.

### Servizo semanal:

- Limpeza de marcos e portas.
- Limpeza do po das persianas.
- Limpeza do po dos radiadores.
- Limpeza de teas de araña.
- Varrido de patios exteriores (agás circunstancias excepcionais que obriguen a varrer os patios de forma máis continua).

### Servizo mensual:

- Limpeza de cristais (por dentro e por fora) e de cercos de ventás.

### Servizo trimestral:

- Limpeza dos cristais dos teitos e paredes altas.
- Limpeza das paredes acristaladas do interior da E.I. A Braña de Mera.
- Limpeza de luminarias elevadas e de condutos de aire acondicionado da E.I. A Braña de Mera.
- Limpeza, a fondo, de paredes e mobiliario.
- Limpeza de cortinas, persianas e estores
- Limpeza a fondo do azulexado dos aseos.
- Limpeza de arquivos e almacéns.

### Servizo semestral:

- Lavado a presión de accesos, porches e patios exteriores.
- Decapado ou pulido, encerado e abrillantado de solos duros de terrazo, mármore, pvc, madeira e similares (febreiro e agosto)
- Limpeza a fondo de portas, radiadores, cortinas e/ou persianas.

## 4. Análise Técnica

A empresa adxudataria asumirá todos os gastos directos e indirectos que deba realizar para a normal execución do servizo e toda clase de impostos directos e indirectos.

Correrán a cargo da empresa todos os gastos relativos á limpeza das instalacións, agás a luz, a auga e a recollida de residuos. Asemade, asumirá o gasto derivado da reposición dos **consumibles hixiánicos** nas catro escolas infantís. En concreto, entenderase por consumibles o **papel hixiánico de todos os baños** das escolas infantís, **as bolsas de lixo** (agás as que se poidan utilizar nas cociñas e





despensas) e o **xabón líquido de mans** que se utiliza nos seus correspondentes dispensadores.

O servizo de limpeza intervirá na totalidade dos locais, con excepción das cociñas e despensas, agás na escola infantil A Braña (Mera) na que se deberá incluír o varrido e fregado do chan da cociña.

O adxudicatario empregará a maquinaria e os materiais adecuados ás características dos locais, superficies, mobiliarios e demais elementos. Os produtos serán os habitualmente utilizados nos servizos desta natureza, prohibíndose o emprego daqueles que, pola súa concentración e/ou composición, danen, produzan corrosión ou prexudiquen as superficies sobre as que se apliquen ou poidan ser prexudiciais para os nenos e as nenas.

O po, o lixo, os papeis, os desperdicios e os residuos de toda clase que se produzan, deberán ser depositados en bolsas ou colectores e no lugar que se sinala para a súa posterior recollida.

A empresa adxudicataria manterá en perfecto estado de seguridade, limpeza e uso a maquinaria, útiles e material de traballo. Serán pola súa conta os gastos de adquisición, conservación, reposición, reparación e calquera outros que deles se deriven. Asemade, está igualmente obrigada ao estrito cumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais e da normativa vixente de seguridade e saúde.

Os envases que conteñan os produtos deberán estar perfectamente etiquetados, indicando a súa composición química e, no seu caso, terán colocado en sitio visible a etiqueta na que se indicará a súa posible toxicidade. Ditos produtos serán almacenados en lugar seguro e, preferentemente, non deben ter acceso a eles persoal alleo ao servizo de limpeza. En ningún caso se colocarán en zonas de tránsito dos nenos e das nenas, nin en continentes aos que os menores poidan ter acceso. Os equipos de traballo tamén estarán convenientemente almacenados, seguindo as mesmas indicacións apuntadas en relación á seguridade dos nenos e nenas e do persoal da escola.

A empresa adxudicataria facilitará a cada unha das direccións das escolas un manual que constará das “fichas técnicas” de cada un dos produtos a utilizar polo persoal de limpeza e no que se especificarán, cando menos, os seguintes extremos: descrición, modo de emprego e almacenaxe, características técnicas, composición, seguridade/toxicoloxía, números de rexistro industrial e sanitario. Este manual estará actualizado. Ademais do manual facilitado ás direccións das escolas, existirá outro idéntico na zona de almacenaxe do material de limpeza.

### 4.1. **Horario do servizo**





O persoal encargado da limpeza desenvolverá as súas funcións, preferentemente, no horario no que non se atopen nas escolas os nenos e as nenas.

O horario de actividade escolar iníciase a partir das 07:30 horas e remata arredor das 18:00/18:30 horas, en función da demanda das familias usuarias, polo que será a partir das 16:30/17.00 h cando previsiblemente poidan iniciarse os traballos de limpeza. No suposto de haber discrepancia o horario será establecido polo Concello de Oleiros.

Con carácter xeral, as escolas permanecerán pechadas no mes de agosto, agás no suposto de que en función da demanda, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar valore a necesidade de manter aberta unha “escola de garda” durante o dito mes. Nese suposto, o concello comprométese a avisar á empresa concesionaria e coa debida antelación, cal das catro escolas permanecerá aberta en agosto, debendo manterse o servizo de limpeza nesa escola o dito mes.

### 4.2. **Medios humanos e número de horas do servizo**

#### **E.I. Pardela:**

- **1** limpador ou limpadora con xornada de **25 horas semanais**, de luns a venres, agás os festivos, a razón de **5 horas diarias**.

#### **E.I. As Galeras:**

- **2** limpadores ou limpadoras con xornada de **20 horas semanais cada un/ha**, de luns a venres, excepto festivos, a razón de **4 horas diarias cada un/ha**.

#### **E.I. A Canteira:**

- **2** limpadores ou limpadoras con xornada de **20 horas semanais cada un/ha**, de luns a venres, agás festivos, a razón de **4 horas diarias cada un/ha**.

#### **E.I. A Braña:**

- **1** limpador ou limpadora con xornada de **17 horas e media semanais**, de luns a venres, agás festivos, a razón de **3 horas e 30 minutos diarios**.

No caso de producírense ausencias do persoal (enfermidade, sancións da empresa, baixas, ..), corresponderá á empresa adxudataria cubrir permanentemente o número de persoas do cadro de persoal ofertado.

### 4.3. **Medios técnicos**





A empresa adxudicataria deberá ter á súa disposición toda a maquinaria e medios auxiliares necesarios para o desenvolvemento do servizo descrito, debendo estar todos de acordo coa lexislación vixente.

A empresa adxudicataria manterá en perfecto estado de seguridade, limpeza e uso a maquinaria, útiles e material. Serán pola súa conta os gastos de adquisición, conservación, reposición, reparación e calquera outros que deles se deriven.

#### 4.4. Supervisión do servizo

O Concello supervisará a prestación do servizo, propoñendo á empresa adxudicataria os cambios que se estimen oportunos en relación á calidade do desenvolvemento do servizo.

A persoa que designe o concello para a supervisión do contrato recibirá mensual, trimestral, semestral e anualmente os xustificantes (albaráns) conforme os traballos foron realizados en cada escola e especificando de que traballo se trata.

Para unha mellor coordinación coas escolas, a empresa adxudicataria establecerá días fixos para a realización dos traballos que teñan unha periodicidade mensual e avisará previamente, coa suficiente antelación, cando vaia a realizar os trimestrais, semestrais e anuais. Todo elo co fin de colaborar coa empresa adxudicataria e deixar as instalacións, por parte do persoal das escolas, nas condicións que requiren os traballos a realizar.

### 5. Análise Económica

O orzamento do contrato e o tipo de licitación establécense tendo en conta o **prezo hora** do servizo e que ascende a **catorce con oitenta e oito euros a hora (14,88€/hora)** sen IVE (18,00€/hora con IVE). Neste prezo hora están incluídas, ademais das limpezaas diarias, os traballos realizados mensual, trimestral, semestral e anualmente. Asemade, tamén inclúe a limpeza correspondente ao mes de agosto, sen que se poida asegurar a súa realización, debido a que depende da demanda de ocupación existente nese mes.

Trátase dunha prestación finalista non susceptible de desagregar en custes directos e indirectos. Todos os custes son directos.

O custe do contrato establécese en base ao tempo de un (1) ano de duración, máis o ano de prórroga, é dicir, desde o 15 de abril de 2019 ata o 14 de abril de 2021, incluídos os meses de agosto -aínda que pode acontecer que non se teña que abrir ningunha das catro escolas e polo tanto non ter que prestar o servizo-. O custo valor estimado do contrato, para estes dous anos (15/04/2019-14/04/2021) ascende á cantidade de **189.164,98 € (IVE non incluído)**.





Os indicadores para o cálculo estimado do custe son:

- nº de horas diarias de servizo nas catro escolas infantís: 24 horas e media
- nº de meses de servizo ao ano: 11 meses+mes agosto (se fose necesario abrir)
- nº estimado de días lectivos ao ano: 250

En relación a estes indicadores sinalar que, segundo o “*Regulamento de réxime interno das escolas infantís integradas na rede de escolas infantís de Galicia xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar*”, no seu artigo 25, apartado 2, parágrafo segundo, contéplase a posibilidade de que, naqueles concellos nos que exista máis dunha escola, unha delas permaneza aberta durante o mes de agosto. Literalmente expón: “*Con carácter xeral, as escolas permanecerán pechadas no mes de agosto. Excepcionalmente a Xerencia poderá acordar a prestación do servizo nun determinado número de escolas de garda establecendo un sistema rotativo entre aquelas radicadas nun mesmo concello ou atendendo a unha distribución zonal para o resto das escolas*” .

Dado que a elección da escola de garda pode decidirse mediante un sistema rotativo, no cálculo do custe do servizo durante o mes de agosto establécese o suposto de que a escola aberta sexa unha das máis grandes (8 horas ao día, é dicir, As Galeras ou A Canteira), aínda que pode ser calquera das outras dúas (5 horas: A Pardela ou 3 horas: A Braña), coa redución correspondente do custo.

O prezo do contrato incluírá a totalidade dos medios humanos e técnicos que sexan necesarios para o desenvolvemento correcto do servizo, así como todos os gastos derivados da limpeza das instalacións e a reposición dos consumibles hixiénicos.

A empresa adjudicataria deberá presentar mensualmente catro facturas distintas, unha por cada escola, nas que deberá especificar cando menos os seguintes extremos:

- prezo do servizo por hora, sen iva
- nº de horas diarias
- nº de días de servizo

A facturación será por horas de servizo prestadas efectivamente e non polas previstas no orzamento.

A aplicación orzamentaria é a 70.231.22799 - Asistencia Social. Outros contratos prestación de servizos.

## **6. Análise do Procedemento**

### **6.1. Xustificación do procedemento**







A adxudicación realizarase polo procedemento aberto, consonte ao establecido no artigo 156 LCSP, ao interesar que exista concorrencia de licitadores e ao non existir motivos para restrinxir o contrato a determinados licitadores. Ademais, atendendo ao establecido no artigo 145.1 LCSP, establécese unha pluralidade de criterios de adxudicación.

### 6.2. Cualificación do contrato

O contrato, de acordo a seu obxecto, ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como o establece o artigo 9 da LCSP.

### 6.3. Análise de execución por lotes

Non se divide este contrato en lotes polos seguintes motivos, encadrados no artigo 99.3.b) LCSP:

- A división en lotes e a posible execución do contrato por unha pluralidade de contratistas dificultaría a coordinación da prestación e a correcta execución do contrato, non garantindo a calidade e idoneidade da limpeza de espazos tan sensibles, como son as escolas infantís.
- Os requisitos de solvencia técnica establecidos no prego non limitan a concorrencia de pequenas e medianas empresas.

### 6.4. Duración

A duración do contrato será por un período de un (1) ano a contar a partir da data da súa sinatura, prorrogable por outro ano máis.

## Cadro resumo

|                                 |   |
|---------------------------------|---|
| Descrición do obxecto           | É obxecto deste contrato a limpeza das catro escolas infantís públicas do Concello de Oleiros: A Pardela, As Galeras, A Canteira e A Braña (Mera) |
| Tipo de contrato                | De servizos   |
| Procedemento                    | Aberto con pluralidade de criterios de adxudicación   |
| Orzamento máximo incluído (IVE) | 104.040,74 €  |
| Duración                        | Un (1) ano, prorrogable un ano máis   |
| Valor estimado                  | 189.164,98 € (85.984,08 1º ano + 85.984,08 2º ano + 20% modifíc)  |
| Lotes                           | Non   |





| <p><i>Criterios de adxudicación</i></p> | <p><b>1. MEMORIA TÉCNICA (criterio subxectivo, 9 puntos)</b><br/>           CRITERIO: avaliación mediante informe do técnico competente<br/>           ACREDITACIÓN: proxecto de organización e funcionamento do servizo de limpeza das escolas infantís, tendo en conta a claridade, a calidade e a viabilidade real das actuacións previstas.</p> <p>Deberá especificar como mínimo os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións e tarefas a desenvolver</li> <li>- Organización do traballo nos distintos espazos de cada unha das escolas</li> <li>- Planificación e substitución de vacacións e baixas</li> <li>- Sistemas de organización do traballo diario (horarios, cuadrantes...)</li> <li>- Sistemas e periodicidade de control dos servizos encomendados polo concello</li> <li>- Sistemas e periodicidade das supervisións ou seguimentos do servizo</li> <li>- Protocolo de comunicación ao concello das incidencias acaecidas no servizo</li> <li>- Sistemas de comunicación interna</li> <li>- Sistemas de comunicación e coordinación co concello</li> <li>- Tipos de rexistros e/ou documentos empregados na xestión.</li> <li>- Dotación de material ás escolas</li> <li>- Existencia de folletos e documentación informativa sobre o servizo para as persoas usuarias</li> <li>- Programa de avaliación de calidade do servizo (deberá detallar mecanismos de avaliación, frecuencia e profesional responsable)</li> <li>- Outros servizos complementarios aos xa recollidas nas obrigas que poidan significar unha mellora na calidade do servizo</li> </ul> <p><b>2. REDUCCIÓN NO PREZOS (9 PUNTOS)</b></p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th colspan="2" style="text-align: center;">Tramos (sen IVE)</th> <th rowspan="2" style="text-align: center;">Pts</th> </tr> <tr> <th style="text-align: center;">Desde</th> <th style="text-align: center;">Ata</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td style="text-align: center;">14,88</td> <td></td> <td style="text-align: center;">0</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">14,87 €</td> <td style="text-align: center;">14,68 €</td> <td style="text-align: center;">1</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">14,67 €</td> <td style="text-align: center;">14,58 €</td> <td style="text-align: center;">2</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">14,57 €</td> <td style="text-align: center;">14,48 €</td> <td style="text-align: center;">3</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">14,47 €</td> <td style="text-align: center;">14,38 €</td> <td style="text-align: center;">4</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">14,37 €</td> <td style="text-align: center;">14,28 €</td> <td style="text-align: center;">5</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">14,27 €</td> <td style="text-align: center;">14,18 €</td> <td style="text-align: center;">6</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">14,17 €</td> <td style="text-align: center;">14,08 €</td> <td style="text-align: center;">7</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">14,07 €</td> <td style="text-align: center;">13,98 €</td> <td style="text-align: center;">8</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">13,97 €</td> <td style="text-align: center;">13,88 €</td> <td style="text-align: center;">9</td> </tr> </tbody> </table> <p>A oferta económica deberá presentarse especificando o prezo do servizo por hora, desagregando o importe que corresponde pola aplicación da porcentaxe de IVE.<br/>           No caso de que non foran contías exactas, as ofertas presentaranse aproximando seis decimais.</p> <p>TOTAL: 18 PUNTOS</p> | Tramos (sen IVE) |  | Pts | Desde | Ata | 14,88 |  | 0 | 14,87 € | 14,68 € | 1 | 14,67 € | 14,58 € | 2 | 14,57 € | 14,48 € | 3 | 14,47 € | 14,38 € | 4 | 14,37 € | 14,28 € | 5 | 14,27 € | 14,18 € | 6 | 14,17 € | 14,08 € | 7 | 14,07 € | 13,98 € | 8 | 13,97 € | 13,88 € | 9 |
|---|--|------------------|--|-----|-------|-----|-------|--|---|---------|---------|---|---------|---------|---|---------|---------|---|---------|---------|---|---------|---------|---|---------|---------|---|---------|---------|---|---------|---------|---|---------|---------|---|
| Tramos (sen IVE)                        |  | Pts              |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| Desde                                   | Ata  |                  |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 14,88                                   |  | 0                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 14,87 €                                 | 14,68 €  | 1                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 14,67 €                                 | 14,58 €  | 2                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 14,57 €                                 | 14,48 €  | 3                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 14,47 €                                 | 14,38 €  | 4                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 14,37 €                                 | 14,28 €  | 5                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 14,27 €                                 | 14,18 €  | 6                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 14,17 €                                 | 14,08 €  | 7                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 14,07 €                                 | 13,98 €  | 8                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |
| 13,97 €                                 | 13,88 €  | 9                |  |     |       |     |       |  |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |         |         |   |





CONCELLO DE  
OLEIROS

## Servizos Sociais

Oleiros, 31 de xaneiro de 2019

A coordinadora de Servizos Sociais

Susana Varela García

Visto bo  
O concelleiro de Servizos Sociais e Sanidade

Ignacio Crespo López

